



GRUPO DE GOBERNO CONCELLO DE CEDEIRA

Asunto: Resposta ao escrito publicado por Miguel López Loureiro e que tamén nos fixo chegar aos tres grupos do goberno local dándolle na entrada por rexistro.

Decirille en primeiro lugar que o Sr. Muíño Vilela non é concelleiro de Urbanismo, senón de Obras, feito que unha persoa coma vostede atenta e sempre ollo avizor debería saber, toda vez que xa transcuriron máis de tres meses desde que foi nomeado.

En segundo lugar, agradecerlle que nos informe da existencia dese foco de contaminación do río, sobradamente coñecido por nós.

No seu momento demos a coñecer á opinión pública a existencia do mesmo e de outros **vinte máis** grazas a unha chamada telefónica a Augas de Galicia pola que nos enteramos que enviou xa hai anos a este concello un informe nese sentido, pero ao que aínda non tivemos acceso. Esta mesma semana, concretamente o vindeiro mércores día 7 de outubro volveremos entrevistarnos cos responsables de dito organismo para coñecer de primeira man este e outros asuntos.

Na anterior visita ao mesmo, solicitamos a construción dun **tanque de tormentas** e a resposta non foi negativa. Aínda que se consiga iso, non é máis que un parche, porque o problema radica en que puntualmente desde a estación de bombeo se envía á EDAR máis auga da que pode depurar. Só evitando que as augas pluviais entren no circuito se solucionará o problema definitivamente, proceso lento e caro que esixe unha rede separativa completa das augas residuais, que este goberno pretende seguir impulsando, despois de que o anterior non fixera absolutamente nada, e vostede caladiño coma un peto (ao mellor é que non nos enteramos das súas protestas).

A nós como goberno non nos molesta en absoluto a crítica sana que trata de axudar e resolver os problemas e seguemos tendo o mesmo interese que hai un ano. Hai xa varias semanas invitamos publicamente a todas aquelas persoas interesadas a colaborar neste eido con nós, e non temos constancia do seu ofrecemento (de vostede). Insistimos na invitación, para falar individual ou colectivamente (iso tamén nos diferencia do anterior goberno) e levar as protestas a onde faga falta se vemos que non hai avances, poñéndonos á cabeza das mesmas se é preciso.

Por iso nos decepciona este posturo público e pretender ir de salvapatrias en vez de botar unha man desde o anonimato, sobre todo cando se está na mesma trincheira.

Cedeira, outubro de 2015